Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
LUNS, 7 DE SETEMBRO DE 2026 | LUNES, 7 DE SEPTIEMBRE DE 2026 | BOP NÚMERO 170

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

### CULLEREDO

**Persoal e Organización**

*Lista provisional de admitidos/as e excluídos/as do proceso selectivo de promoción interna (funcionarización) do posto de psicóloga/o, administración especial, grupo de titulación A1*

**ANUNCIO**

Por resolución núm. 2086 da concelleira delegada de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior de data 1 de setembro de 2026, resolveuse o seguinte que en extracto di:

*"**Primeiro.**- Aprobar a lista provisional dos/das admitidos/as e excluídos/as do proceso selectivo de promoción interna (funcionarización) do posto de psicóloga/o, administración especial, grupo de titulación A1.*

*Admitidos/as:*

| ADMITIDA | | | |
|---|---|---|---|
| **Nº ORDE** | **APELIDOS E NOME** | **DNI** | **EXENCIÓN EXAME GALEGO** |
| — | — | — | — |

*Excluídos/as provisionalmente:*

| EXCLUÍDA | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Nº ORDE** | **APELIDOS E NOME** | **DNI** | **EXENCIÓN EXAME GALEGO** | **MOTIVO DA EXCLUSIÓN** |
| *1* | *Uzal Trigo, Fátima* | ****2788**** | *SI* | *Non achega: relación de méritos* |

** Segundo a base sexta das bases reguladoras da convocatoria:*

*6.4. Ás solicitudes de participación deberá xuntárselles a seguinte documentación:*

- *Certificado ou documento acreditativo de ocupar en propiedade praza laboral fixo obxecto deste proceso de promoción interna (funcionarización/cambio vínculo xurídico) do Concello de Culleredo, así como de servizos prestados.*
- *Copia do título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega que se cita en cada caso segundo á praza á que se opte e que consta no anexo de cada praza, ou o título equivalente debidamente homologado de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro). O persoal aspirante que non a acrediten deberán superar unha proba de coñecemento de lingua galega.*
- *Relación de méritos.*
- *Documentación xustificativa dos méritos alegados.*

*Os/as aspirantes disporán dun prazo de 10 días hábiles, contados dende o seguinte ao da publicación da lista provisional de admitidos/as e excluidos/as, para presentar as reclamacións oportunas ou a emenda de defectos, nos termos da LPACAP.*

***Segundo**.- Publicar esta resolución de admitidos/as e excluídos/as no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP) no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal.*

Número de anuncio 2026/5762

*Por ser un acto de trámite non procede recurso algún."*

O que se publica para dar cumprimento á base 7.1 da convocatoria.

Culleredo, 2 de setembro de 2026

A concelleira delegada de Cohesión Social,

Recursos Humanos e Réxime Interior

Marta María Figueroa Fuentes

P.D. Resolución núm.1260/2023, do 04.07.2023

(BOP núm. 131, do 11.07.2023)

2026/5762